

Pontevedra 26 de novembro de 2021

O Día das Escritoras é unha conmemoración iniciada en España en outubro de 2016 e promovida por Clásicas e Modernas, asociación para a igualdade de xénero na cultura, para recuperar o legado das mulleres autoras e editoras e facer visible o traballo delas na literatura e combater a discriminación sufrida o longo da historia.

O pasado luns 8 de novembro de 2021 a Deputación de Pontevedra uniuse ó festexo desta sexta edición e conmemorou este día no castelo de Soutomaior cunha xuntanza de mulleres, autoras e editoras galegas, e xestoras públicas da nosa Deputación.


Tras a celebración, os faladoiros e as reflexións, o debate concluíu coa sinatura dun manifesto histórico, denominado *Manifesto de Soutomaior*, que toma como exemplo o modelo do manifesto *Séneca Falls* do século XIX porque inclúe doce decisións, o motor do traballo futuro para conseguir a igualdade.

O motivo desta carta é achegarles e facerles partícipes do *Manifesto de Soutomaior*. Nel denúncianse as diferentes situacions de desigualdade que existen no mundo da escrita e proponse un plan de acción para rachar con elas. O documento recolle as sinaturas de 19 mulleres, entre elas, autoras, editoras, libreiras e xestoras públicas.

O *Manifesto de Soutomaior*, que lles enviamos xunto con este escrito, recolle doce decisións que deben servir de referencia futura para conseguir a igualdade na creación e na producción artística e intelectual. O documento reclama dereitos para as mulleres, neste caso para as mulleres da cultura e das letras, nas que tamén existe a fenda de xénero.

Por iso, convidámosvos á súa lectura e reflexión e a que vos adheriades a este coa vosa sinatura e levar a cabo un plan de acción contra a desigualdade para que se tomen as medidas para reducir a fenda de xénero na esfera da escrita porque no mundo editorial e literario galego a situación das autoras e editoras é aínda desalentadora.


Reciban un cordial saúdo,



Carmela Silva Rego
Presidenta
da Deputación de Pontevedra



Fátima Anllo Vento
Presidenta
de Clásicas e Modernas



Isabel Blanco Franco
Promotora do Manifesto